



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO
MGF/cvr
Refº: 16x270110433
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e nove de xuño de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

11/433 CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 15 de xuño de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- Proxecto básico e de execución das obras mínimas de mantemento e demolición de anexos no cuartel de San Fernando en Lugo redactado polos técnicos de EVISLUSA en marzo de 2015.
- Informe emitido polos técnicos de EVISLUSA, con data 18 de marzo de 2016, de subsanación de erros materiais no proxecto básico e de execución das obras mínimas de mantemento e demolición de anexos no cuartel de San Fernando en Lugo.
- Certificado de existencia de consignación na aplicación 33000.63200 do vixente Orzamento Xeral para o ano 2016 (C.P. 15XX00053; RC 26816 para 90.000 euros, 27856 para 1.308,49 euros e 50459 para 90.000 euros).
- Proposta de criterios de adxudicación para execución das obras descritas no proxecto básico e de execución das obras mínimas de mantemento e demolición de anexos no cuartel de San Fernando en Lugo, elaborada polo arquitecto de EVISLUSA con data 13 de xuño de 2016.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de mantemento e demolición de anexos no cuartel de San Fernando de Lugo, redactado polo servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.



CSV: NIVDfyRIsUdZZhnbKHujVA==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

PAXINA: 1 / 29

DATAS(UTC)

06/07/2016 10:11:25

06/07/2016 10:11:26

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro; o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, e o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de obras, recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que serían aqueles *“que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante”*. O obxecto deste contrato de obra é a execución do proxecto de obras de mantemento e demolición de anexos no cuartel de San Fernando en Lugo redactado polos técnicos de EVISLUSA en marzo de 2015.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

No prego de cláusulas administrativas particulares determináanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP (oferta económica, prazo de garantía), resaltando que todos eles son de valoración automática.

Terceira.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación da obra de “**MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO**”.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto técnico da obra de referencia elaborado polos técnicos da EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO DE LUGO (EVISLUSA), así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o teor literal deste o seguinte:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO (EXPT. REF 12-2016)

ÍNDICE

Cláusula 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO.

Cláusula 2ª.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Cláusula 3ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 4ª.- PREZO DE LICITACIÓN DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

Cláusula 5ª.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

Cláusula 6ª.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

Cláusula 7ª.- GARANTÍA.

Cláusula 8ª.- ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

Cláusula 9ª.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

Cláusula 10ª.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA.

Cláusula 11ª.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

Cláusula 12ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Cláusula 13ª.- ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS.

Cláusula 14ª.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Cláusula 15ª.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

Cláusula 16ª.- EXECUCIÓN DOS CONTRATOS.

Cláusula 17ª.- SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓNS ESENCIAIS DE EXECUCIÓN.

Cláusula 18ª.- GASTOS.

Cláusula 19ª.- CUMPRIMENTO DE OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

Cláusula 20ª.- RESPONSABILIDADE DOS CONTRATISTAS. OBRIGAS ESENCIAIS.

Cláusula 21ª.- RECEPCIÓN E PAGAMENTO.

Cláusula 22ª.- PENALIDADES.

Cláusula 23ª.- EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.

Cláusula 24ª.- RÉXIME DE RECURSOS.

ANEXO I.

ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.

ANEXO III MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).

ANEXO IV COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS.

ANEXO V DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

ANEXO VI. MODELO DE DECLARACIÓN DE EMPRESAS VINCULADAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a realización das obras de mantemento e demolición de anexos no Cuartel de San Fernando da cidade de Lugo conforme proxecto redactado polo equipo técnico da Empresa Municipal da Vivenda e Suelo de Lugo (EVISLUSA).

CPV: 45110000-1 Traballos de demolición de inmobles e movemento de terras



45260000-7 Traballos de techado e outros traballos de construción especializados

CNAE 2009: 43.9 Outras actividades de construción especializada.

Mediante a execución do contrato preténdese adoptar as medidas necesarias para proceder a realizar un mantemento eficaz da edificación histórica denominada "Antigo Cuartel de inválidos inhábiles de San Fernando de Lugo" para preservalo no posible nun estado de mantemento que concilie a súa configuración actual coa súa futura transformación e/ou rehabilitación para poder ser adicado no futuro ao uso que se determine.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato de obra, recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que ten por obxecto a realización das obras de mantemento e demolición de anexos no Cuartel de San Fernando da cidade de Lugo conforme proxecto redactado polo equipo técnico da Empresa Municipal da Vivenda e Suelo de Lugo (EVISLUSA).

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real Decreto 171/2004, de 30 de enero, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de Coordinación de actividades empresariais.
- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

- Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, por el que se desarrolla la Ley 32/2006, de 18 de outubro, e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último así como a normativa vixente en materia de contratación.

Ademais deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto.
- O programa de traballo incluído no proxecto da obra.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuízo das delegacións que teña conferida na Tenente de Alcalde Delegada.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de **CATORCE SEMANAS** contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

CUARTA. PREZO DE LICITACIÓN DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

4.1.- O **valor estimado do contrato** ascende a 149.841,73 euros IVE excluído.

4.2.- O **prezo de licitación** é:

Prezo sen IVE: 149.841,73 euros (gastos xerais e beneficio industrial incluído).

IVE (21%): 31.466,76 euros.

Prezo de licitación: **181.308,49 euros** euros IVE incluído.

4.3.- Faise contar a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 33000.63200 (C.P. 15XX00053; RC 26816 para 90.000 euros, 27856 para 1.308,49 euros e 50459 para 90.000 euros).

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.



Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten contar con solvencia económica e técnica.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Para isto, e de conformidade co artigo 64 do TRLCSP esixese que os licitadores presenten o compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente o seguinte persoal:

- Un jefe de obra que sexa, como mínimo, técnico de grao medio (aparellador ou enxeñeiro de edificación) con experiencia acreditada en obras de rehabilitación de bens patrimoniais, tanto no ámbito público como privado, e con experiencia en materia de seguridade e saúde en obras de construción, todo elo referido aos últimos dez anos.

O compromiso de adscripción presentarase mediante declaración conforme o modelo do ANEXO IV que se incluírá dentro do sobre A


Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos do artigo 223 do TRLCSP.

No caso de que fose preciso a substitución do persoal comprometido os novos traballadores deberá cumprir os requisitos esixidos.

A empresa licitadora que resulte seleccionada deberá, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP e coa cláusula décimo terceira destes pregos de cláusulas administrativas, acreditar que dispon efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución deste contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a clasificación conforme o establecido no artigo 52 do RXLCAP coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

6.1.- A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 224.750 euros, IVE excluído**.

Para a acreditación deste volume anual de negocios **achegaranse as contas anuais** do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos por importe superior á unidade** que se reflicta no balance de contas anuais do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

6.2 A **solvencia técnica e profesional** deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de obras similares ao obxecto deste contrato por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros dez anos que sexa igual ou superior a **104.850 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

Non obstante o exposto e de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, na redacción dada por Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional poderá substituírse pola correspondente clasificación no grupo e subgrupo que corresponda en función do obxecto do contrato e coa categoría que proceda en función do valor anual medio.

En consecuencia, a documentación relacionada anteriormente acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional **poderá substituírse pola correspondente clasificación para a celebración de contratos de obra do mesmo tipo, en particular pola clasificación no grupo K, subgrupo 7, categoría 1.**

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recíbese o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A Documentación Administrativa e letra B Oferta económica e relativa a criterios avaliábeis automaticamente.

En tódolos sobres indícarase a referencia do expediente : EXP. REF. 12-2016.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o Bastanteo do Poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O bastanteo realizarase por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adjudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Advírteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade



na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA

CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO V DESTES PREGOS.

7.- Compromiso de adscripción de medios persoais que se compromete a adscribir á execución do contrato (conforme o modelo do **ANEXO IV**) que se incluíra dentro do sobre A

8.- Declaración responsable da non existencia de empresas vinculadas co licitador ou, se é o caso, da relación de empresas vinculadas con el, en cumprimento do preceptuado no artigo 145 do TRLCSP (**conforme modelo do ANEXO VI**)

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por supoñer unha vulneración dos principios de igualdade de trato e non discriminación.

O sobre B, Oferta económica e relativa a criterios avaliábeis automaticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número, fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO (EXPTE. REF 12-2016)**

b) Que se compromete á execución da obra conforme a seguinte **oferta económica:**

Prezo sen IVE:..... euros.

IVE (21%) :euros.

Prezo total IVE incluído:..... euros.

c) Que se oferta un prazo de garantía de meses a maiores do mínimo de un ano.

d) Comunico que a empresa que represento SI/NON (sinalar o que proceda) **ten previsto subcontratar** a realización parcial deste contrato por un importe de euros á empresa sen prexuízo da comunicación que se realizará no caso de realizar outras subcontratacións durante a execución da obra de conformidade co artigo 227 do TRLCSP.

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS.

De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.
- Interventor xeral ou persoal que o substitúa.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno.
- Arquitecto municipal.

O acto de apertura da documentación incluída no sobre B celebrárase ó segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Os criterios de adxudicación serán os seguintes:

1. OFERTA ECONÓMICA (70 puntos).

Obterá 70 puntos a proposición da empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional en función da baixa ofertada.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

Aos efectos da apreciación de ofertas temerarias ou desproporcionadas aplicarase o disposto no artigo 86 do RD 1098/2001 de 12 de outubro para o caso de presentación de ofertas por empresas pertencentes a un mesmo grupo.

2. PRAZO DE GARANTÍA (30 puntos).

Será valorado o incremento o prazo de garantía que propoña a empresa ata un límite máximo de 24 meses a maiores dos doce meses (1 ano) que figura no prego a partir da data de recepción da obra.

Obterá a máxima puntuación neste apartado (30 puntos) a proposición da empresa que oferte o maior incremento do prazo de garantía a maiores do mínimo de doce meses e ata 24 meses como tope ofertado. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten incremento algún e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente os correspondentes certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar a **disposición efectiva dos medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato** e, particular deberá achegar:

1º.- Escrito asinado polo licitador de disposición efectiva de traballadores coa experiencia esixida nestes pregos para a execución do contrato conforme o seguinte modelo:

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, coa finalidade de ser adxudicatario do contrato das **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO (EXPTE. REF 12-2016)**, dispoño efectivamente para a execución do contrato dos traballadores que a continuación se indican e declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que nesta relación se reflicten son certos e veraces:

RELACIÓN DE TRABALLADORES

XEFE DE OBRA: NOME E APELIDOS		
Titulo da obra e localización	Data inicio - Data fin	Descrición traballos realizados (conforme anexo IV)
Obra 1:		
Obra 2:		



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

(...) Obra n:		

2º.- Compromiso de dispoñibilidade para a execución do contrato asinado polo traballador relacionado no documento anterior.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, tivese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a UN MES dende a data da súa formalización, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

No poderá iniciarse a obra sen a previa aprobación do **Plan de Seguridade e Saúde** en virtude do real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

A tal efecto e no prazo máximo de quince días naturais dende a formalización do contrato o contratista presentará ante o Concello de Lugo o plan de seguridade e saúde que se pasará a informe do coordinador durante un prazo de sete días naturais. En todo caso o prazo máximo para a aprobación do plan será de un mes dende a sinatura do contrato.

DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no proxecto técnico aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista a Dirección facultativa (arquitecto de EVISLUSA).

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 219 do TRLCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 105 a 108) do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227 do TRCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

DÉCIMO SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓE ESENCIAL DE EXECUCIÓN.

De conformidade co artigo 227 do TRLCSP a empresa contratista **non poderá** subcontratar prestacións parciais con terceiros que superen **o 60% do importe de adxudicación IVE incluído**.

O licitador deberá indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto contratar, sinalando o importe, o nome e perfil empresarial definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnicas.

En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Lugo a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e identidade do subcontratista.

A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar a la imposición de penalidade de ata o 50% del importe del subcontrato.

Aos efectos do artigo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co artigo 223.h) del TRLCSP.

DÉCIMO OITAVA.- GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta do contratista (o importe indícase no propio anuncio) . O contratista estará asimesmo obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

Malia o exposto anteriormente o adxudicatario non estará suxeito ao pagamento da taxa por ocupación da vía pública municipal que sexa estrictamente necesaria para a execución da obra contratada e que corresponda ao espazo recollido no plan de seguridade e saúde presentado polo adxudicatario e aprobado polo Concello o que leva implícita a autorización para a súa ocupación.

DÉCIMO NOVENA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.D. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:



- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servizo de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun servizo de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.
- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.
- ◆ Coordinación de actividades empresariais.
No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:
 - O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
 - O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.
- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

- Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
- As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
- As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.
- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.
- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarase da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.
- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase **ANEXO I** ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Os efectos do establecido **no artigo 223.f) do TRLCSP** as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** e o seu incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.



VIXÉSIMA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente a este prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP e nestes pregos en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO.

Ó remate das obras subscribirase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO (DOCE MESES) contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período poderá ser aumentado polo adxudicatario na súa oferta. A garantía definitiva non será devolta ata que remate o prazo de garantía establecido ou ofertado.

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- O despexe final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- O cumprimento das condicións especiais de execución.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais unha vez presentadas as correspondentes certificacións polo Director facultativo do contrato, e conformadas polo responsable municipal se o houbese e se nomease, así como polo concelleiro delegado de infraestructuras e zona rural.

Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó Excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA000548I – Educación e Infraestruturas Urbanas

Unidade Tramitadora: LA0007379. Obras en vías públicas no contorno urbano

Os efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

Poderanse impoñer penalidades polos incumprimentos das **condicións esenciais de execución así como das obrigas contractuais esenciais establecidas nas cláusula décimo sétima e décimo novena** destes pregos, polo incumprimento das condicións establecidas na memoria técnica de execución da obra así como pola reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) Por incumprir as obrigas, condicións e demais requisitos para a subcontratación establecidos no artigo 227 do TRLCSP.

O importe da penalidade será de ata o 50% do importe do subcontrato.

c) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle foran imputables incorrese en demora en relación co **prazo total de execución** estarase ó disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades se ben o importe das penalidades diarias será en proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

En todo caso, se como consecuencia do incumprimento do prazo de execución fixado se perdese total ou parcialmente a subvención concedida pola Xunta de Galicia para o financiamento desta actuación, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo pola cantidade igual perdida.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das certificacións correspondentes.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas, no prego de prescricións técnicas do proxecto e nos documentos que teñen carácter contractual que se sinalan na cláusula segunda, incluído o incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais dos proxectos de obras.

Os efectos do artigo 223.f), considéranse **obrigas contractuais esenciais**, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato, as obrigas e condicións sinaladas na cláusula **décimo sétima e décimo novena** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

A los efectos del artículo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 239 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, no seu caso, polos danos e prexuízos causados, no que excedan do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DATOS:

23

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

* Xuntar a acta de constitución.

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e apelidos:

Cargo:



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO
MGF/cvr
Refº: 16x270110433
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores de (indicar o Rexistro) co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO(EXPTE. REF 12-2016) declara baixo a súa responsabilidade:**

1º.- Que as circunstancias e datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) **non** experimentaron variación en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

2º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

3º.- Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

En, a de de 2016

Asdo.:

Nota: As opcións 1º e 2º son incompatibles entre si, sinale soamente a que corresponda.

ANEXO III

25



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: NIVDfyRIsUdZZhnbKHujVA==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO


DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

PAXINA: 25 / 29

DATAS(UTC)

06/07/2016 10:11:25

06/07/2016 10:11:26



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO(EXPTE. REF 12-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes. Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

COMPROMISO DE ADSCRIPCION DE MEDIOS PERSOAIS

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de

CSV: NIVDfyRIsUdZZhnbKHujVA==

SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

PAXINA: 26 / 29
DATAS(UTC)
06/07/2016 10:11:25
06/07/2016 10:11:26



....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO(EXPTE. REF 12-2016)**, comprométome a adscribir á execución do contrato a un xefe de obra con experiencia acreditada, nos últimos dez anos, en obras de rehabilitación, especialmente nas de carácter patrimonial, tanto no ámbito privado como no ámbito público, e con experiencia en materia de seguridade e saúde nas obras de construción e rehabilitación. A estos efectos, presento a documentación (orixinal ou compulsada) que acredita a identidade e xustifica a capacitación técnica profesional, especificando: DNI/NIF, Título Oficial Habilitante, Currículum Vitae, relación de obras de rehabilitación nas que participou nos últimos 10 anos, vida laboral, certificación de cursos ou master acreditados, etc.

En a de de 2016

Asdo:

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO(EXPTE. REF 12-2016)** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

* *En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.



CSV: NIVDfyRIsUdZZhnbKHujVA==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

PAXINA: 27 / 29

DATAS(UTC)

06/07/2016 10:11:25

06/07/2016 10:11:26

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x270110433

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2016

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimismo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO VI

MODELO DE DECLARACIÓN DE EMPRESAS VINCULADAS.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de

....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICIÓN DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO(EXPTE. REF 12-2016)** en cumprimento do establecido no artigo 145 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público **DECLARO:**

Opción A: Que non existen empresas vinculadas coa empresa oferente.

Opción B: Que son empresas vinculadas coa empresa oferente as incluídas na relación que se xunta, sen que exista ningunha outra empresa na que concorran os requisitos sinalados no dito precepto legal.

RELACIÓN EMPRESAS VINCULADAS COA EMPRESA OFERENTE

Nombre o razón socialNIF/CIF.....

1.-

2.-

3.-

En a de de 2016

Asdo:

Nota: As opcións A e B son incompatibles entre sí, **sinale soamente a que corresponda.**”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 181.308,49 euros con cargo á aplicación orzamentaria 33000.63200 do vixente Orzamento Xeral para o ano 2016 (C.P. 15XX00053; RC 26816 para 90.000 euros, 27856 para 1.308,49 euros e 50459 para 90.000 euros).

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcadesa en funcións, dona Ana Prieto Nieto, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.